

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012450	CPI Plurilingüe Dr. López Suárez	O Saviñao	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	5
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI Dr. López Suárez, ubicado en Escairón (O Saviñao), o cal conta cun contexto socioeconómico medio. O grupo seleccionado de 2º EP, está composto por 13 alumnos/as, dos cales dous nenos cursan dita materia.

A través de dita programación preténdese realizar unha planificación dos contidos, tarefas, actividades e metodoloxías que se van aplicar na aula, e que tentan a consecución dos obxectivo, que é a aprendizaxe do alumno. Deste xeito márcanse e organízanse contidos que sirvan de guía e marquen a liña a seguir ao profesor, e permita aproveitar ao máximo os recursos educativos dos que dispoñemos no noso centro.

A programación é unha das fases do proceso de ensino-aprendizaxe que persegue que os alumnos adiquiran as competencias básicas, desenvolvan determinadas capacidades, a través dun proceso de aprendizaxe significativo. Polo tanto a presente programación pretende ser dinámica, para modificala segundo as necesidades, e creativa para favorecer a motivación de alumnado e profesorado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-2-3-4-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		1-2-3-4-5	3	1-2-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Viaxando polo mundo.	Esta materia realizarase mediante un proxecto que abarcará a toda primaria e ten coma centro de interese a biblioteca e os diferentes países e culturas do mundo.	100	35	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Viaxando polo mundo.	35

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Entende a importancia da biblioteca en un centro e a diversidade cultural.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona recursos e materiais para a realización dos modelos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporaliza as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventa incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Ten en conta o prazo de presentación das actividades.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Traballa a comprensión lectora.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Conta cos recursos adecuados para poder realizar o proxecto.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Transmite as súas necesidades, problemas e dúbidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	É crítico co traballo de cada un.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Comenza a expor proxectos publicamente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Mellora e traballa o ámbito lingüístico.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	É capaz de controlar a vergoña e timidez.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Traballa o autocontrol, medo o fracaso e as emocións.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Comenza a ser autónomo á hora das súas exposicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Teremos en conta no traballo diario os seguintes principios metodolóxicos ademais das distintas modalidades de agrupamentos e organización de espazos e tempos así como ter en conta os diversos materiais e recursos. Para alcanzar os principios metodolóxicos levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo e afastado, así como os seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Actividades dinámicas que partan da observación e experimentación, traballando a través de diversas investigacións e traballos de indagación desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.
- Tarefas de aprendizaxe integrada nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios físicos ou tecnolóxicos, utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con lecturas comprensivas, imaxes, vídeos e a elaboración de mapas conceptuais.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de investigacións, neste caso sobre as diferentes diversidades culturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe

cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, O branco e a diana,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula.
Material escolar (lápices e pinturas, tesoiras, pegamento...)
Cartolinas, papel ou folios, teas...
Material manipulativo coma plastilina ou arxila.
Material educativo e dixital: libros, revistas, ordenador...

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno/a, invitándoo a interactuar con él.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

O espazo no que se desenvolveran a maioría das clases nesta materia será a biblioteca no centro, na que o alumnado poderá acceder a moitos destes recursos garantizándolle unha aprendizaxe significativa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será o punto de referencia para a adecuación do proceso de ensino aprendizaxe (a finais do mes de setembro, comezo de outubro). Ao inicio de curso nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial (oral ou escrita) baseada en competencias clave. O seu obxectivo é determinar o punto de partida para o desenvolvemento curricular e facilitar información sobre distintos aspectos, adecuando as características do alumnado e dando resposta á atención á diversidade, programando as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100	100
Táboa de indicadores	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Para calificar a única unidade didáctica que engloba os tres trimestres de dita materia, utilizaremos instrumentos de avaliación con distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo en parella ou cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

Tendo en conta que cada curso académico está dividido en tres periodos ou avaliacións no que se emitirán cualificacións seguindo os criterios de anteriormente citados, reflectirase en forma numérica coas xa coñecidas equivalencias de INSUFICIENTE, SUFICIENTE, BEN, NOTABLE E SOBRESAÍNTE.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

Non obstante, a avaliación da materia Proxecto Competencial será do seguinte xeito:

- Traballo diario e participación na materia = 50%.
- Destrezas e habilidades na materia = 20%.
- Probas orais para comprobar os coñecementos adquiridos = 15%
- Comportamento e cumprimento das normas de aula = 15%.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1
ET.1 - Comprensión da Lectura	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X
ET.4 - Competencia Dixital	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo para levar a cabo o proxecto:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos.
- Evitaranse os comportamentos, estereotipos e os contidos sexistas.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa persoal, a partir de aptitudes como a súa creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

Como xa se citou anteriormente, este proxecto competencial levarase a cabo para todo o centro empregando como centro de interese a biblioteca e as diferentes culturas. Moitas actividades desta área levaráanse a cabo mediante excursións, charlas, exposicións.... que inclúa a todo o centro. Esta materia é idónea para potenciar e desenvolver as competencias do alumnado.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico



Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización do proxecto.
Metodoloxía empregada
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos distintos recursos e materiais así como os instrumentos de avaliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implicación e coordinación co resto do equipo docente e coas familias do alumnado.

#### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O propio seguimento da programación será realizado na plataforma Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento. É importante analizar se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento da unidades didáctica coa que conta dito proxecto siga o calendario previsto.

Ademais, destácase que o documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Esta ferramenta recolle o seguimento efectivo das actividades lectivas, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles así como comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación.

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

### **9. Outros apartados**